

MODIFICACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN PLÁSTICA 5º/6º E.P.

1. CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

A. Asimilación de contidos: 60% da nota final.

Esta nota obtense a partir da realización da media aritmética das distintas prácticas artísticas programadas: probas, fichas, traballos e tarefas.

B. Actitude, iniciativa e implicación: 30%.

A puntuación relativa a este apartado resulta da avaliación a través dunha rúbrica específica.

C. Traballos voluntarios: 10%.

Contémplase a participación voluntaria dos alumnos para fomentar a iniciativa propia, valorando as distintas aportacións e establecendo unha media aritmética final total.

Aspectos	Porcentaxe	Instrumentos
A. Contidos	60%	Media aritmética de probas e actividades
B. Actitude, iniciativa e implicación	30%	Rúbrica
C. Traballos voluntarios	10%	Media aritmética dos traballos entregados
	Nota	

2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Tal e como se contemplan na PD dispoñemos de diario de aula, probas, exercicios, escalas de observación e rúbricas. Todos os datos serán recollidos a través da **app específica Additio**, día a día.

3. OUTRAS DISPOSICIÓNS

- Partimos dunha **avaliación continua**.
- As notas dos distintos apartados sempre terán **valor sumativo**, segundo as porcentaxes establecidas.
- Os **resultados da avaliación** expresaranse segundo establece o currículo oficial¹ do seguinte xeito:

Insuficiente	Suficiente	Ben	Notable	Sobresáinte
1, 2, 3 ou 4	5	6	7 ou 8	9 ou 10

¹ Decreto 105/2014, de 4 de setembro polo que se establece o currículo para a Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9/9/2014).

- d. A aplicación do **redondeo** realizarase seguindo a lexislación educativa actual, redondeando á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior².
- e. A **nota final do curso** obterase a través da realización da media aritmética das tres avaliacións.
- f. Existirá a posibilidade de **recuperar as avaliacións suspensas** a través da realización de traballos, probas ou prácticas dos aspectos nos que exista maior dificultade e terá o peso establecido na táboa anterior.
- g. No caso dun posible **confinamento individual**, a avaliación tentará non supor ningún agravio comparativo co resto do alumnado asistente, realizándose de xeito parello e semellante á práctica presencial e adaptando os recursos.
- h. Ante a posibilidade de afrontar un curso coa **materia suspensa** do curso anterior, darase por aprobada ao superar o primeiro trimestre do curso actual.
- i. Se se dera un caso de **exame fraudulento** (por copiar, coñecer a proba previamente...) a nota será directamente o Insuficiente (1).

² *Ibid.*